

NA AGRA DA PONTE



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ViMa_0022_001B_en_0_00_01_id604_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_ViMa_0022_001B_en_0_00_01_id604
TIPO DE DOCUMENTO: Recitado

DATOS DA PEZA:

- **DATA DA REALIZACIÓN:** 17/04/2021
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar:** Santa Mariña
 - Parroquia:** San Pedro de Coucieiro
 - Concello:** Muxía
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTES:**
 - Nome:** María Esther Álvarez Baliña
 - Idade no momento da recollida:** 89 anos
 - Lugar e data de nacemento:** Santa Mariña (Muxía) o 9/9/1931
- **RECOLLEDOR:** Manuel Vilar Álvarez
- **COMPILADOR:** Manuel Vilar Álvarez
- **COLECCIÓN:** Manuel Vilar Álvarez (ViMa)



NOTAS DA RECOLLA

Autor das notas: Manuel Vilar Álvarez

Esta peza escoiteilla ás miñas tías maternas e a miña nai varias veces e en distintos momentos. Hai anos, quizais na década de 1990, nunha xuntanza familiar, mentres miña tía Nélica a recitaba, intentei transcribila manualmente. Até que o 17 de abril de 2021, nunha visita que fixen á miña nai, saquei o teléfono e pedínlle que a recitase. Días máis tarde, noutra visita e estando tamén alí a outra tía (Benigna), pregunteille si a sabía e comezou a recitala, mais xa non lembraba o final.

Tanto miña nai como miña tía Benigna manteñen que esta peza foi escrita por un curmán seu, Antonio Barros Valiña, e publicada nunha revista de Bos Aires. Esta persoa, que era perito (facía partixas) e foi alcalde do concello de Muxía antes das primeiras eleccións de 1979, ten algúns poemas publicados en *Alborada*, revista da Asociación Benéfico Cultural del Partido de Corcubión en Bos Aires.

Xosé M^a Rei Lema, estudoso da literatura da emigración das terras que conforman a coñecida como Costa da Morte, ten localizado cinco poemas deste autor entre 1949 e 1961, mais non aparece este que presentamos. Porén, as miñas informantes mantiñan e manteñen que Antonio Barros ten que ser o autor porque así llo escoitaron a el cando ían á festa a casa da súa tía Pilara (nai de Antonio) en Xurarantes (San Xulián de Moraimo).

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN

Trancritor: Manuel Vilar Álvarez

Ademais da transcripción da peza do presente audio, de M^a Esther Álvarez Baliña, o compilador agrega a transcripción doutras dúas versións: as de Benigna Álvarez Baliña e de Nélica Álvarez Baliña.

TRANSCRICIÓN

Transcrición da gravación de M^a Esther Álvarez Baliña, realizada na súa casa de Santa Mariña (San Pedro de Coucieiro, Muxía) o 17 de abril de 2021.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Na agra da Ponte
Moi preto do Allo
Un día de orballo
Dos poucos do vran.
Metinme antre o millo
A roubar espigas
Ghordas coma vigas
Mais case sin gran.
Esfolla que esfolla
Buscando as granadas
Das que máis logradas
Valían p'asar.
Sin facer barullo
Andaba amodiño
Cando no camiño
Sentín patear.
Pensando que o dono
Gardaba do millo
Fuxín coma un pillo
Boteime a correr.
Mais logo xa lonxe
Ollei pro camiño
E vin nun burriño
Vir unha muller.

#604

O burro cativo
De aspecto sufrido
Camiñaba encullido
Con gana de sol.
Sobre el unha moza
Cantando baixiño
Iba pro muíño
En busca de fol.
Ca bulla que fixen
De tanto correr
Xa dixo o animal
Botou un brinco
Levantou as orellas
E co rabo alzado
Da albarda cativa
Caeu a muller.
Cando vexo a moza
No chan feita un bolo
Berrei sin consolo
Xesús, San Antonio.
Erguéndose a moza
Toda colorada
Díxome enfadada
Ti viches ou non.

OUTRAS TRANSCRICIÓN

Transcripción da gravación de Benigna Álvarez Baliña, realizada o 24 de abril de 2021 na súa casa natal, hoxe residencia da súa irmá M^a Esther.



Na agra da Ponte
Moi preto do Allo
Un día de orballo
Dos poucos do vran.
Metinme antre o millo
A roubar espigas
Ghordas coma vigas
Mais casi sin gran.
Esfolla que esfolla
Buscando as granadas
As que máis logradas
Serviran pra asar.
Sin facer barullo
Andaba amodiño
Cando no camiño
Sentín patear.
Pensaba que o dono
Gardaba do millo
Fuxín coma un pillo
A todo correr.
Mais logo ó lonxe
E vin pro camiño
Que viña un burriño
Cunha muller.
O burro cativo
De aspecto sufrido
Camiña encullido
Con ganas de sol.



Sobre el unha moza
Cantando baixiño
Iba pro muíño
En busca do fol.
Coa bulla que fixen
De tanto correr
Xa o dixo a muller
Parou o animal
Baixou as orellas
E co rabo alzado
O gran condenado
Dou en facer mal.
(non lembra ben)
[e despois como era oh?]

OUTRAS TRANSCRICIÓNS 2

Transcrición da versión de Nélida Álvarez Balaña (sen data):



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Na agra da Ponte
Moi preto do Allo
Un día de orballo
Dos poucos do vran.
Metinme antre o millo
A roubar espigas
Grandes coma vigas
E case sin gran.
Esfolla que esfolla
Buscando a granada
As que máis logradas
Serviran para asar.
Coidando co demo
Gardando do millo
Fuxín coma un pillo
A todo correr.
Mais logo ó lonxe
Ollei pro camiño
E vin nun burriño
Vir unha muller.
O burro cativo
De aspecto sufrido
Camiña encullido
Con ganas de sol.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Sobor del unha moza

Cantando baixiño

Iba pro muíño

En busca de fol.

Co barullo que fixen

De tanto correr

Xa o dixo a muller

Parou o animal.

E co rabo alzado

O gran condenado

Dou en facer mal.

O demo do burro

Orneando primeiro

Dou un candieiro

A todo correr.

Envolta nas saias

Cas pernas pra riba

Da albarda cativa

Caiu a muller.

Cando vin a moza

No chan feita un bolo

Fuxín sin consolo

Xesús, San Antón.

Erguéndose a moza

Toda colorada

Díxome enfadada

Ti viches ou non.